

NOME DA ACTIVIDADE

➤ A inundación

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Chegas das vacacións e descubres que estivo chovendo intensamente na zona onde vives. Cando vas entrar no teu lugar de traballo a policía está evacuando a zona e non che permite entrar. Ante a túa insistencia para que che deixe entrar 1 ou 2 minutos para salvar documentos e obxectos moi importantes para ti permítenche o acceso.

Só poderás rescatar 4 cousas antes de ter que saír, así que disporás de 2 minutos para escollelas de entre a lista que o docente che vai entregar.

MATERIAIS DA FICHA

1. Un álbum de fotografías da familia.
2. Un teléfono móbil da empresa.
3. O diario persoal que estiveches facendo durante anos.
4. Documentos oficiais da empresa dos últimos meses.
5. Unha guitarra moi cara que conservas desde hai moito tempo.
6. Arquivo con documentos dos traballos realizados e cobrados.
7. Arquivador cos traballos realizados a clientes dos últimos meses que aínda non cobraches.
8. A túa axenda de teléfonos e enderezos.
9. Un portátil da empresa.
10. Unha alfombra preciosa que tiñas na túa oficina.
11. Arquivo coas contas e certificados da empresa ou do grupo co que traballas, con documentos da renda que mantés desde que comezaches a traballar na oficina.
12. Unhas botellas de viño que gardas desde hai moito tempo no moble bar.
13. Libros e textos relacionados coa túa formación e o teu traballo para optimizar o teu rendemento.
14. Arquivos con todos os currículos da xente que colabora coa empresa ou está interesada en facelo.
15. Documentos oficiais da empresa con relación a altas e baixas de empregados e empregadas, socios e outras empresas colaboradoras, tipo de material, transporte...
16. Unhas plantas.

Recursos lingüísticos para a argumentación

Aínda que
Agora ben
Agás que
Daquela
A fin de que

Apoios lingüísticos

Eu recollería _____ porque _____

Eu creo que me decantaría por _____ porque _____

As miñas opcións serían _____ porque _____